

RESOLUCIÓN DO VALEDOR DO POBO POLA QUE SE ATENDE A SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA Nº DAIPVP03/17

ANTECEDENTES

Con data do 12 de xullo de 2017 tivo entrada na institución do Valedor do Pobo unha solicitude de acceso á información pública cursada por XXXXX XXXXXXXX XXXXXX, amparada na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; solicitude que quedou rexistrada col número DAIPVP03/17 e na que se solicitou “recibir unha copia dixital dos resultados do proxecto Mocidade on line”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Unha vez analizada a solicitude, e de acordo co artigo 26 da mencionada lei, que regula o dereito ao exercicio de acceso á información pública, este órgano **TRASLADA a seguinte información:**

“En resposta á súa solicitude de copia dixital da información sobre os resultados do estudio _Screening do uso problemático de Internet entre os adolescentes da Comunidade galega_, inserto no Proxecto Mocidade on Line promovido polo Valedor do Pobo, indicarlle que o arquivo descargable en pdf está ao seu dispor na seguinte ligazón directa: http://www.valedordopobo.gal/wp-content/uploads/2017/07/PROXECTO_MOCIDADE_ONLINE_RESULTADOS-XERAIS.pdf. O documento está sometido neste momento á publicidade activa dentro do portal institucional do Valedor do Pobo www.valedordopobo.gal”.

Con esta resposta remitida por correo electrónico o 13 de xullo de 2017, o Valedor do Pobo considera aceptada a solicitude e resolve favorablemente outorgando a ligazón directa á información solicitada, que é obxecto de publicidade activa na correspondente epígrafe do portal da institución.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2017

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo

